

Redes de Telecomunicación
Galegas, RETEGAL, S.A.

RETEGAL, S.A.
ORZAMENTOS 2006
MEMORIA E OBXECTIVOS

Redes de Telecomunicación Galegas S.A. é unha entidade con personalidade propia, constituída no ano 1998, de capital subscrito integramente pola Comunidade Autónoma.

A devandita Sociedade, en virtude do Decreto 59/1997 de creación e o artigo 2 dos seus estatutos, ten asumida a xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación da Xunta de Galicia, entre os que cabe incluí-lo servizo portador soporte de radiodifusión e televisión de ámbito autonómico, a Rede Oficial de Comunicacions Móviles da Xunta de Galicia, a Autoestrada Galega da Información AGI e a Rede de Ciencia e Tecnoloxía de Galicia RECITGA.

O potencial da posición estratéxica dos emprazamentos que xestiona, de grande interese para emisoras de radiodifusión e televisión públicas e privadas, así como os operadores de telefonía móbil e de acceso radio, permitiulle seguir captando novos clientes co despregue e implantación de novas redes de telefonía móbil, especialmente as de terceira xeración UMTS. Nesta coxuntura tratarase de fidelizar e aumenta-lo volume de negocio cos operadores de telefonía móbil a través da mellora de infraestruturas e construción de novos Centros de Telecomunicacións en lugares estratéxicos.

No ano 2006 RETEGAL, ademais de continuar prestando os servizos institucionais (Radio e TV Autonómicas, Rede Oficial de Comunicacóns Móviles e Autopista Galega da Información); continuará a labor, xa iniciada en exercicios anteriores, de captación de novos clientes e ampliación do seu catálogo de servizos. Prestando especial interese na mellora e ampliación das infraestruturas co fin de facilita-la competencia e a entrada de novos operadores no mercado cara o desenvolvemento e implantación das futuras redes de Radio e TV Dixital tanto de ámbito Autonómico como Local.

Como é coñecido a Xunta de Galicia, no ano 2005, convocou Concursos Públicos para o outorgamento de concesións para a explotación de programas do servizo público de televisión dixital terrestre (TDT) e radio dixital (DAB) tanto de ámbito local como autonómico en réxime de xestión indirecta, formando parte dun canal múltiple. RETEGAL o longo do ano 2005 realizou unha intensa labor técnico-comercial cos aspirantes a obter as devanditas concesións e ten xa preacordos firmados con a maior parte dos concursantes. Durante o vindeiro ano 2006, unha vez adxudicadas as concesións pola Xunta de Galicia, RETEGAL debe formalizalos preacordos acadados, realizalos proxectos técnicos pertinentes e as inversións necesarias na súa rede de difusión para prestalos servizos requiridos cumprindo os prazos esixidos pola propia Administración Autonómica nos Pregos de Bases dos Concursos de Adxudicación. As inversións previstas suporán un forte esforzo económico que requirirá recursos extraordinarios. Estas inversións suporán a instalación e posta en servizo de novas redes de Radio e TV Dixital específicas para cada un dos múltiplex (mais de vinte no caso da televisión e dezanove no caso da radio). Tamén é certo que os novos servizos a prestar ampliarán significativamente o fondo de comercio da

empresa e xerarán a ingresos adicionais a partires do ano 2007. En definitiva, é previsible xiro cualitativo na empresa o diminuíla dependencia no seu plan de negocio dos servizos institucionais.

Con respecto ós nosos clientes institucionais, a Radio e TV Autonómicas, incrementaranse os servizos a prestar.

No caso da Radio Galega, estase a por en marcha o segundo canle da Radio Galega en Frecuencia Modulada, con cobertura inicialmente nas principais cidades e vías de comunicación. Este segundo canle terá operativos mais de dez Centros Emisores a finais do ano 2005, cunha cobertura superior ó 60 % da poboación.

No caso da TV de Galicia; o “*REAL DECRETO 944/2005, de 29 de xullo, por el que se aproba el Plan técnico nacional de la televisión digital terrestre (B.O.E. de 30 de julio de 2005)*”; Real Decreto que deroga na súa totalidade o anterior Plan Técnico (Real Decreto 2169/1998, de 9 de octubre), establece:

Adicional segunda punto 4º: 4. Cada unha das comunidades autónomas disporá dun múltiple dixital de cobertura autonómica con capacidade para efectuar desconexións territoriais de ámbito provincial. Este múltiple corresponderase co indicado no artigo 2.2 do Plan técnico nacional da televisión dixital terrestre.

Neste múltiple dixital, as entidades públicas creadas a tenor do establecido na Lei 46/1983, de 26 de decembro, reguladora do terceiro canle de televisión, deberán simultanear as súas emisións con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital.

O Plan Técnico pola súa parte establece:

Artigo 6. Fases de cobertura.

A cobertura a alcanzar polo servizo de televisión dixital terrestre realizarase nas seguintes fases:

a) O Ente Público Radiotelevisión Española e as entidades públicas creadas a tenor do establecido na Lei 46/1983, de 26 de decembro, reguladora do terzo canle de televisión, deberán alcanzar no seu ámbito territorial, polo menos, unha cobertura do:

1.º 80 por cento da poboación antes do 31 de decembro de 2005.

2.º 90 por cento da poboación antes do 31 de decembro de 2008.

3.º 98 por cento da poboación antes do 3 de abril de 2010.

A cobertura actual da Rede de TV Dixital Terrestre de que dispón RETEGAL supera con creces o 80% da poboación. Nembargantes, o mesmo Plan Técnico de Televisión Dixital Terrestre, modifica os canles de emisión asignado polo anterior o Multiplex de Televisión Dixital de Ámbito Autonómico, o cal esixirá de RETEGAL a modificación dos canles de emisión de mais de coarenta Centros Emisores, cambios que supoñen rexustes laboriosos tanto nos equipos de emisión como nos sistemas de diplexión de antena. Estes cambios, que necesariamente débense coordinar co operador de rede das cadeas nacionais, débense realizar o mais tardar no primeiro trimestre do ano 2006, e suporán un gasto adicional importante para RETEGAL.

Neste Multiplex transmitiranse tamén os dous novos Programas de Ámbito Autonómico adxudicados pola Xunta de Galicia. Circunstancia que incrementará o peso específico de RETEGAL no panorama audiovisual galego e consecuentemente a súa responsabilidade da continuidade dos servizos de teledifusión. Por elo, RETEGAL debe continualo o plan, xa iniciado noutros exercicios, de mellora de infraestruturas e equipamento co fin de obter a calidade de servizo requirida polo seus clientes.

Cá finalidade de dar servizos de valor engadido sobre a TV Dixital Terrestre e motivar deste modo ós telespectadores cara ó cambio de tecnoloxía, RETEGAL debe continuar a colaboración ca Dirección Xeral de Comunicación e Audiovisual e a Universidade de Vigo no desenvolvemento de aplicacións de valor engadido sobre TDT según Estándar MHP.

En canto á cesión de uso de infraestruturas, unha das unidades de negocio de RETEGAL, espérase manter o incremento sostenido de negocio cos operadores de telefonía, así como aumentalas relacións comerciais con Radio Nacional de España, quen desexa ampliala cobertura das súas emisións na nosa Comunidade Autónoma.

A rede de Fibra Óptica de que dispón RETEGAL, adquirida grazas ós Convenios ca Consellería de Cultura, con puntos de acceso nas principais cidades galegas e en concreto nas Delegacións da Xunta de Galicia, permítelle ofertar e dar servizos institucionais de banda ancha. Así mesmo, esta rede utilízase no despregamento da radio e TV dixital, tendo o obxectivo de chegar con fibra ós principais Centros da Rede.

En concreto, os obxectivos que se plantexarán de cara o ano 2006 serán:

Orzamento Explotación.

Neste apartado destacan fundamentalmente os gastos xerais de explotación (mantementos, repostos, servizos e contratacións exteriores, combustibles, etc...). Partida presupostada en 2.144.959 Euros; o cal supón un incremento aproximado do 6,29 % motivado fundamentalmente pola prestación de novos servizos.

As perspectivas de prestación de novos servizos de radio e televisión dixital, esixiran de RETEGAL o proxecto, instalación e mantemento de novos sistemas que requirirán persoal técnico altamente cualificado; por elo, no presuposto do ano 2006, considerase a contratación adicional de dous enxeñeiros.

Destacar que, tal como se comentou anteriormente, no ano 2006 TVG. ten a obriga por Lei de manter a emisión de TVG nas tecnoloxías analóxica e dixital o que suporá, para RETEGAL, manter en funcionamento dúas redes de difusión de TV, situación que terá unha forte repercusión nesta partida presupostaria.

Nos gastos xerais de explotación, hai tres conceptos fundamentais:

Repostos.- A antigüidade de parte do equipamento de transmisión, con vidas medias que superan os trece anos, conxuntamente cá instalación de novo equipamento e a prestación

de servizos de mantemento integrais a terceiros, supoñían a necesidade de dedicar máis recursos a adquisición de repostos e elementos funxibles para o correcto mantemento dos equipos. As esixencias dos servizos prestados, con porcentaxes de dispoñibilidade superiores ó 98 %, esixen unha rápida resposta ante avarías, resposta que só se pode conseguir dispoñendo dun stock axeitado e suficiente de repostos.

Abastecementos.- A prestación de novos servizos suporá un incremento no gasto de abastecemento, debido a un maior consumo eléctrico nos diferentes Centros da Rede como un maior gasto de combustible polos desprazamentos inherentes á dispersión xeográfica dos Centros. Mención expresa requiren os gasto de combustible, cuxos prezos sufriron un incremento superior o 20 % no ano 20005.

Mantementos contratados.- Nos últimos anos, co fin de evita-lo avellentamento natural das infraestruturas de obra civil, RETEGAL iniciou un Plan de Mantemento destas infraestruturas, dito Plan inclúe o pintado e remozado de casetas, o pintado de torres, a revisión de instalacións, antenas e saneamento de liñas eléctricas en propiedade. Dada a variedade de oficios que requiren estes traballos e non ter persoal específico para realizalos, RETEGAL recorre a contratar estes traballos a empresas especializadas de cada ramo. En exercicios anteriores acometéronse importantes tarefas de mantemento de infraestruturas nos grandes Centros de Telecomunicacións, ó longo de 2006 acometeranse nos Centros de menor entidade pero non por iso menos importantes.

No correcto mantemento dos Centros e estado das Infraestruturas, é a mellor garantía de servizo pros clientes e para propia RETEGAL ademais de preserva-lo valor patrimonial da empresa, por iso RETEGAL iniciou o Plan antedito. Neste aspecto podemos dicir que, en termos xerais, as infraestruturas de RETEGAL están en mellores condicións que as da nosa competencia.

Desagregación de GASTOS e INGRESOS:

GASTOS	5.194.817,00
Consumos e contratacións	465.959,00
Compras	240.000,00
Variación existencias	25.000,00
Trab.outras empresas	200.959,00
Gastos de persoal	2.373.680,00
Amortizacións	676.178,00
Material	432.000,00
Inmaterial	120.000,00
Inmaterial Adscritos	124.178,00
servizos exteriores	1.675.000,00
Tributos	4.000,00
INGRESOS	5.197.301,00

servizo portador do sinal TV	1.892.753,00
Retransmisións TV	402.870,00
servizo portador de radio	459.013,00
Outros mercados	1.192.210,00
Ingresos por subvencións de explotación	652.277,00
Ingresos extraordinarios	598.178,00
Subv.con rdo.no exercicio	474.000,00
Ing.por bens Adscritos	124.178,00
RESULTADO	2.484,00

Orzamento de Investimentos.

O Presuposto de Investimentos de RETEGAL seguirá as mesmas liñas de exercicios anteriores, que se resumen en: mellora de infraestruturas existentes e construción de novas, adquisición de novo equipamento tanto para a renovación do que na actualidade está operativo e tecnicamente obsoleto como para a posta en funcionamento de novos servizos.

Gran parte das infraestruturas de RETEGAL foron concibidas e planificadas fai perto de vinte anos, con criterios de autoprestación de servizos, cando era imprevisible o vertixinoso despregamento experimentado polos sistemas e servizos de telecomunicación, tanto propios como a terceiros, nos últimos anos.

A prestación de novos servizos por parte de RETEGAL e a súa condición de Operador requiren ademais de novo equipamento específico; a ampliación e mellora constante das infraestruturas básicas (casetas, torres e sistemas de enerxía); así como, a construción de novos Centros que sexan de interese para a prestación tanto de servizos propios como alleos.

Por outra parte, non se debe esquecer que, gran parte do equipamento de transmisión e infraestruturas tenderán, no ano 2.006, mais de vinte anos de antigüidade polo que será necesario continua-la traxectoria de renovación de equipamento iniciada fai tres anos.

Entre os investimentos previstos para o ano 2.006, cabe destacar:

- Renovación da rede de enlaces de contribución da TV.G.; substituindo os enlaces analóxicos, con dezanove anos de antigüidade, polos dixitais de que xa dispón RETEGAL, sendo necesaria a adquisición de codificadores, adaptadores de rede e decodificadores MPEG.
- Renovación dos enlaces de microondas das Delegacións de TV.G. en Vigo e Pontevedra. Co fin de melloralas calidade e facilitar novos servizos de datos.
- Instalación e posta en servizo de novos Centros Emisores do Segundo Programa da Radio Galega para ter unha cobertura acorde co requirimento da C.R.TV.G.

- Renovación do Sistema Radiante de F.M. dos Centros Emisores de Meda e Domaio.
- Adecuación da Cabeceira de TV Dixital Terrestre de Ámbito Autonómico, dotándoa de novo equipamento de multiplexación e xeración de táboas conforme os requirimentos dos futuros clientes.
- Proseguir coa renovación e adecuación dos cadros eléctricos en diversos Centros, mellora de liñas eléctricas e sistemas de terras. O correcto deseño e dimensionado destes elementos é unha garantía de servizo cara os nosos clientes.
- Proseguir a renovación daquel equipamento de transmisión e difusión que pola súa antigüidade ou tecnoloxía non resulta rendible.
- Adquisición de Equipos de Transmisión de TV Dixital redundantes para cinco Centros Emisores da Rede; necesidade derivada da esixencia de presta-lo servizo de TV Dixital con garantía de continuidade.
- Proseguir cá adquisición de equipamento de medida e monitorado específico para a Radio e TV Dixital, cá finalidade de dispoñer de equipamento suficiente en cada unha das seis Unidades de Explotación, especialmente receptores con capacidade de análise de sinais COFDM conforme o standard ETS300 744.

- Adquisición de novo Equipamento de Transmisión e Multiplexación de Sinais Ópticas para A.G.I., así como Equipos Adaptadores de Rede, que permitan continuo desenvolto tanto da rede de transporte de televisión dixital terrestre como de novos circuitos da Autopista Galega da Información, aproveitando os novos tramos de Fibra Óptica dispoñibles.
- Adquisición dunha plataforma de xestión integrada, software de control e ofimático, actualización e renovación de hardware.
- Continuo plan de renovación de vehículos todoterreo (dous por ano) co fin de dispoñer dun parque móbil fiable e con baixos custes de mantemento, tan necesario dada a dispersión dos Centros a atender.
- Construción dun novo Centro de Telecomunicacións en Zas (A Coruña), incluída a torre soporte de antenas.
- Renovación das torres dos Centros de Telecomunicación de Viana do Bolo e Viveiro e Muros.

O Presuposto de Investimentos de RETEGAL, para o exercicio 2006, será de 460.190,00 Euros dos cales 450.523,00 Euros son de subvención da Consellería de Presidencia.

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006			
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN			
SOCIEDADE: REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.		Miles de euros	
	DEBE		HABER
REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS	25	AUMENTO DAS EXISTENCIAS	0
APROVISIONAMENTOS	441	VENDAS NETAS	3.947
GASTOS DE PERSOAL	2.374	Vendas nacionais	3.947
Soldos e salarios	1.776	Exportacións	0
Seguridade Social a cargo da empresa	568	Prestación de servizos	0
Indemnizacións	0	INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN	0
Contribucións a sist. complementarios de pensións	0	Alugueiros	0
Outros	30	Outros	0
AMORTIZACIÓNS	676	INGRESOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	598
Do inmovilizado material	432	Dividendos	0
Do inmovilizado inmaterial	244	Xuros	0
De gastos de establecemento	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO	0	Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes	0
		Outros	0
VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO	0	Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados	598
Variación das provisións de existencias	0	SUBVENCIONES A EXPLOTACIÓN	652
Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables	0	Da Comunidade Autónoma	652
Variacións outras provisións de tráfico	0	Doutros Entes Públicos (con detalle)	0
OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	1.678	Doutros (especificar)	0
Servizos exteriores	1.674	TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO	0
Impostos sobre beneficios	0	INGRESOS ORDINARIOS	5.197
Outros tributos	4	PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0
Outros gastos de xestión corrente	0		
Dotación ó fondo de reversión	0		
GASTOS FINANCIEROS E ASIMILADOS	0		
De obrigas e bonos	0		
De préstamos e créditos	0		
Por descontos de efectos comerciais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais	0		
Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes	0		
Outros	0		
Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados	0		
VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCIEROS	0		
A longo prazo	0		
A curto prazo	0		
SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
GASTOS ORDINARIOS	5.194		
BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	3		
RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIONES	-649		
+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	3		
+SUBVENCIONES CONCEDIDAS POLA EMPRESA	0		
-SUBVENCIONES Á EXPLOTACION	652		
-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	0		

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
SOCIEDADE: REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.			Miles de euros
	ORIXE DE FONDOS		APLICACIÓN DE FONDOS
RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	81	PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	0
Cash-flow actividades ordinarias	81	ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS	0
Amortizacións	676	GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS	0
Provisións netas de explotación (debe-haber)	0	Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital	0
Gastos e ingresos para distribuír en varios exercicios, aplicados	-598	Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos	0
Resultado ordinario antes de subvencións	-649		
Subvencións netas á explotación	652	ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO	460
Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber)	0	Inmobilizado material	440
Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber)	0	Terreos e construcións	30
		Instalacións técnicas e maquinaria	360
Gastos e ingresos extraordinarios	0	Outras instalacións, utensilios e mobiliario	0
APORTACIÓNS DE CAPITAL	0	Anticipos e inmovilizacións materiais en curso	0
Da Comunidade Autónoma	0	Outro inmovilizado material	50
Doutros entes públicos	0	Inmobilizado inmaterial	20
De sociedades públicas	0	Gastos de investigación e desenvolvemento	0
Doutros (especificar)	0	Propiedade industrial	0
SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	451	Fondo de comercio, dereitos de traspaso	0
Da Comunidade Autónoma	451	Outro Inmovilizado inmaterial (especificar)	20
Doutros entes públicos	0		
Doutros (especificar)	0		
OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EJERCICIOS FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO	0	Inmobilizado financeiro	0
Préstamos da Comunidade Autónoma	0	Empresas do Grupo	0
Préstamos doutros entes públicos	0	Empresas asociadas	0
Crédito oficial	0	Outros investimentos financeiros	0
Empréstitos e outros pasivos análogos	0	ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS	0
Préstamos de empresas do grupo	0	REDUCCIÓN DE CAPITAL	0
Préstamos de empresas asociadas	0	DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS	0
Préstamos doutras empresas	0	A Comunidade Autónoma	0
Acredores a longo prazo das Administracións públicas	0	A outros entes públicos	0
Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas	0	A sociedades públicas	0
ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO	0	A outras (especificar)	0
Inmobilizado material	0	CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA	96
Inmobilizado inmaterial	0	Préstamos da Comunidade Autónoma	0
Alleamento inmovilizado financeiro	0	Préstamos doutros entes públicos	0
Empresas do grupo	0	Crédito oficial	0
Empresas asociadas	0	Empréstitos e outros pasivos análogos	0
Outros investimentos financeiros	0	Préstamos de empresas do grupo	0
ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS	0	Préstamos de empresas asociadas	0
CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIÓNS FINANCEIRAS	0	Doutras débedas	0
Empresas do grupo	0	De provedores de inmovilizado e outros	96
Empresas asociadas	0	TOTAL APLICACIÓNS	556
Outros investimentos financeiros	0	AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE	0.K.
TOTAL ORIXES	532		
DIMINUCCIÓN CAPITAL CIRCULANTE	24	VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA	0
		-Aumento das existencias	0
		-Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos	0
		-Aumento debedores excepto Admóns.públicas	-15
		-Aumento debedores das Admóns.públicas	0
		-Aumento contas financeiras	97
		-Aumento axuste pola periodificación de activos	0
		Z ACTIVO CIRCULANTE	82
		-Redución das existencias	25
		-Aumento acred. curto prazo excepto Admóns.públicas	96
		-Aumento acredores curto prazo das Admóns.públicas	-15
		-Aumento axuste pola periodificación de pasivos	0
		V PASIVO CIRCULANTE	106
		VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA	-24

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006		
BALANCE DE SITUACIÓN		
SOCIEDADE: REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.	Miles de euros	

ACTIVO
Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos
Gastos de establecemento
Inmovilizado inmaterial neto
Inmovilizado material neto
Provisións do inmovilizado non financeiro
Inmovilizado financeiro neto
Accións propias
Gastos para distribuir en varios exercicios
Accionistas por desembolsos esixidos
Existencias
Debedores ordinarios
Debedores administracións públicas
Contas financeiras
Axustes por periodificación
TOTAL ACTIVO

2.004	2.005	2.006
0	0	0
0	0	0
2.245	1.888	1.664
1.767	1.912	1.920
0	0	0
0	0	0
0	0	0
0	0	0
0	0	0
138	139	114
842	777	762
0	0	0
290	105	202
1	0	0
5.283	4.821	4.662

06/05
-25
-15
0
97

PASIVO
Fondos propios
Subvencións en capital
Diferencias positivas de cambio
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios
Provisións para riscos e gastos
Acredores a longo prazo
Acredores a curto prazo, ordinarios
Acredores a curto prazo, administracións públicas
Provisións para operacións de tráfico
Axustes por periodificación
TOTAL PASIVO

2.004	2.005	2.006
72	74	77
3.682	3.514	3.367
0	0	0
0	0	0
0	0	0
287	191	95
1.063	855	951
177	186	171
0	0	0
2	1	1
5.283	4.821	4.662

96
-15
0

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006			
CADRO DE FINANCIAMENTO			
SOCIEDADE: REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.			Miles de euros
	2.004	2.005	2.006
Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)	-433	-581	-571
Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS	-35	133	-121
Existencias	-124	1	-25
Debedores excepto Administracións Públicas	-342	-65	-15
Axustes pola periodificación de activos	0	-1	0
Accionistas polos desembolsos esixidos	0	0	0
Debedores das administracións públicas	-427	0	0
Acredores de administracións públicas	22	-9	15
Acredores excepto administracións públicas	836	208	-96
Axustes por periodificación pasivos	0	-1	0
Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS	-398	-714	-450
Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS	972	1.110	1.103
Contribucións de capital	0	0	0
Subvencións en capital	466	652	451
Subvencións á explotación	506	451	652
Outros ingresos para distribuir en varios exercicios	0	0	0
Financiamento alleo a longo prazo	0	0	0
Alleamento de inmovilizado	0	7	0
Alleamento de accións propias	0	0	0
Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmovilizacións financeiras	0	0	0
Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS	574	396	653
Menos : DOTACIÓNS	-623	-581	-556
Accionistas por desembolsos non esixidos	0	0	0
Gastos de establecemento e formalización de debedas	0	0	0
Inmovilizado material	517	485	440
Inmovilizado inmaterial	10	0	20
Inmovilizado financeiro	0	0	0
Adquisición de accións propias	0	0	0
Reducción de capital	0	0	0
Dividendos e outros repartos de beneficios	0	0	0
Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo	96	96	96
Provisións para riscos e gastos	0	0	0
Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS	-49	-185	97
Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)	339	290	105
Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)	290	105	202

ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2006	
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	
SOCIEDADE: REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A.	Miles de euros

	2.004	2.005	2.006
Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación	3.553	3.781	3.947
Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso	0	0	-25
Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado	0	0	0
Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN	3.553	3.781	3.922
Menos : Aprovisionamentos	631	436	441
Menos : Gastos externos e de explotación	1.452	1.622	1.678
Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA	1.470	1.723	1.803
Menos : Outros gastos	0	9	0
Menos : Gastos de persoal	1.928	2.301	2.374
Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN	-458	-587	-571
Menos : Dotacións para amortización de inmovilizado	847	689	676
Menos : Dotacións ó fondo de reversión	0	0	0
Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisiones de Tráfico	0	0	0
Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN	-1.305	-1.276	-1.247
Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuir imputados	783	623	598
Menos : Gastos financeiros	0	0	0
Menos : Dotacións para amortizacións e provisiones financeiras	0	0	0
Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS	-522	-653	-649
Máis : Resultado proc. do inmovilizado e ingresos e gastos excepcionais	19	4	
Menos : Variación das Provisiones do inmovilizado	0	0	0
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIONES	-503	-649	-649
Máis : Subvenciones netas á explotación	506	652	652
Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS	3	3	3
Menos : Impuestos sobre sociedades e outros	1	1	0
Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)	2	2	3

O.K.

